

3ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (ACTUAL CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN) E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAL NO MARCO DO PROXECTO FEAG EMPREGAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Con data 24 de agosto de 2023 asinouse o Convenio de colaboración a través do cal se establecen as condicións polas que se rexe a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e igualdade (actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración) e as organizacións Sindicais e Empresarial respecto das actuacións do Proxecto "EmpregAL" para as anualidades 2023,2024 e 2025.

O día 22 de decembro do 2023 asinouse unha primeira addenda ao convenio coa finalidade de aceptar a encomenda de xestión de CIG a FORGA como medio propio instrumental e de servizo técnico da CIG.

Con data do 31 de maio de 2024, asinouse a segunda addenda ao convenio a través da cal se acorda incorporar á anualidade 2024 o remanente da anualidade 2023, modificando as cláusulas segunda, quinta e sétima, sen que o alcance cualitativo e cuantitativo do convenio se vexa alterado.

Coa execución do proxecto, xorde a necesidade de distribuír o orzamento das distintas actuacións do convenio, polo que a comisión de seguimento do convenio decide unanimemente, solicitar á Comisión Europea unha nova distribución, que non varía en ningún caso, o importe total aprobado por entidade e anualidade.

O día 4 de xullo de 2024, a Unidade Administrativa do Fondo Social Europeo (UAFSE), comunica, a aprobación por parte da Comisión Europea da reasignación económica entre as diferentes partidas.

Na reunión de seguimento do día 6 de febreiro de 2025, acórdase incorporar á anualidade 2025 o remanente da anualidade 2024 e asumir o incremento dos indicadores asociados a cada actividade sen que isto supoña unha alteración do obxecto do convenio nin conleve incremento do importe total das obrigas de



contido económico asumidas por cada entidade ou do número de exercicios orzamentarios aos que se imputan ditas obrigas.

Modifícase o importe global correspondente ás anualidades 2024 e 2025, así como o importe máximo que lle corresponde a cada entidade nas devanditas anualidades.

A achega financeira da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para os anos 2024 e 2025 será con cargo á aplicación orzamentaria de gasto 14.02.324A.481.9 código de proxecto 2023 00093.

De tal xeito que, a anualidade 2024 e 2025 quedaría:

| ENTIDADE | CONTÍA 2024 (3ª Addenda) | CONTÍA 2025 (3ª Addenda) |
|--------------|-----------------------------|-----------------------------|
| ASIME | 168.132,52 | 59.061,72 |
| UGT-FICA | 126.030,92 | 58.526,64 |
| CCOO | 52.300,00 | 23.111,37 |
| CIG | 120.976,28 | 74.802,62 |
| INCENTIVOS | 168.916,40 | 168.942,93 |
| TOTAL | 636.356,12 | 384.445,28 |

Asinado electronicamente

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

Pablo Fernández López



COMISIÓN EUROPEA
DG de Empleo, Asuntos Sociales e Igualdad de Oportunidades
Fondo Europeo de Adaptación a la Globalización

